Baixo o título “Pechando o círculo: a educación ambiental do século XXI”, Sogama impartiu un novo curso en liña dirixido ao profesorado de infantil, primaria e ESO adscrito á Xunta de Galicia.

Coordinado polo CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación), contou con 30 horas lectivas, encargándose dous técnicos de Sogama do servizo de titoría. O obxectivo destas accións formativas impulsadas por Sogama é implicar aos docentes na educación ambiental dos adultos do futuro, así como contribuír a preservar o medio ambiente desde as aulas e fóra delas. Neste



sentido, os contidos do curso complementáronse con novas de actualidade para convidar á reflexión do profesorado e, sobre todo, á innovación nos procesos de aprendizaxe.

Formación dos referentes

Con este, xa son 17 os cursos en liña

O curso en liña foi de 30 horas lectivas.

impartidos por Sogama, dirixidos, ademais de ao profesorado, a técnicos e a cargos políticos locais, así como ás forzas de seguridade.

[Volver á portada](#)

13



Actualidade



Recoñecemento como empresa colaboradora coa FP Dual

Sogama introduciuse neste modelo formativo en setembro de 2020 e, desde entón, e ata o próximo 31 de agosto, acolle en prácticas a dous estudiantes do IES Monte Neme de Carballo



O acto organizado pola Xunta tivo lugar na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.

O presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez, acompañado polo técnico de Asesoría Xurídica e Responsable de Seguridade, José Manuel Pallas, asistiu o pasado 10 de febreiro, ao acto de recoñecemento da Xunta de Galicia ás empresas colaboradoras coa FP Dual, entre as que se atopa a compañía pública. Aínda que a Sociedade Galega do Medio Ambiente leva acollendo en prácticas a titulados universitarios de diferentes ámbitos tales como a enxeñería, a economía, a bioloxía, a química e a educación social, entre outros, foi en 2020 cando, por primeira vez, se introduciu neste modelo formativo a través da rúbrica dun convenio de colaboración coa Consellería de

Cultura, Educación e Universidade. Desde entón, e ata o próximo 31 de agosto, alumnado do IES Monte Neme de Carballo, municipio veciño co que sempre mantivo estreitos lazos institucionais e co que coopera en distintas áreas ambientais, completarán aquí as súas prácticas académicas. En concreto, dous rapaces (mozo e moza) do ciclo superior en Mecatrónica Industrial están adscritos á planta de recuperación de materiais contidos no lixo en masa, que opera en liña coa industria 4.0, e tutorizados por un responsable do equipo de Sogama.

Profesión de futuro
A compañía pública pretende

achegar todo o seu coñecemento e bagaxe para capacitar a estes estudiantes no exercicio da súa futura profesión, con gran proxección a día de hoxe, xa que a mecatrónica combina áreas tales como a mecánica, a robótica e a electrónica, que permiten desenvolver equipos de automatización a través dos cales xa se logrou cambiar a producción nas empresas, dando como resultado unha maior precisión, rapidez e calidade. Tal é como subliñou Javier Domínguez durante o evento: "A economía circular require de profesionais solventes, con grandes doses de enxeño, creatividade, especialización e expectativas".

⊗ [Volver á portada](#)



Actualidade



Visita ás obras da nova planta de transferencia na Lama

Adxudicada por un importe superior a 1,1M€, constrúese no polígono industrial de Racela



Javier Domínguez Lino, xunto co alcalde da Lama, Jorge Canda Martínez.

A nova infraestrutura, cuxa obra foi adxudicada por un importe superior a 1,1 millóns de euros, permitirá transferir, ademais da bolsa negra e da bolsa amarela, a materia orgánica recollida de forma diferenciada a través do contedor marrón. Cando entre en funcionamento, substituirá á microplanta, operativa neste municipio pontevedrés desde hai anos. En todo caso, a previsión é que estea en activo no último trimestre deste ano.

A visita do presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez Lino, xunto co alcalde da Lama, Jorge Canda Martínez, coincidiu, a principios de febreiro, co inicio das obras.

A instalación, que contará cunha capacidade para máis de 5.000 toneladas anuais, levantarase no polígono industrial de Racela, nunha parcela de case 2.300 m², e dará servizo aos concellos de Cerdedo-Cotobade, Fornelos de Montes e Ponte Caldelas.

A nave contará cun compactador fixo, unha báscula, un sistema de translación de dous contedores, un aparcamento de contedores e unha depuradora de augas residuais. Así mesmo, autoabastecerase enerxeticamente con paneis solares, fomentando deste xeito as enerxías renovables.

Parte dunha gran rede de biorresiduos

A planta da Lama integrarase na rede de infraestruturas promovida pola Xunta de Galicia, e cofinanciada polos Fondos FEDER con 30 millóns de euros, que ten por obxectivo axudar aos concellos, que son os que teñen as competencias na xestión dos residuos urbanos, a cumplir coas súas obrigas legais. Estes deben ter implantado o contedor marrón para a recollida da fracción orgánica antes do 31 de decembro de 2023.

[Volver á portada](#)



Actualidade

Máis de 2.500 persoas participaron en 80 cursos impartidos por Sogama

A temática central destes encontros con escolares e veciños de toda Galicia foi a estratexia dos tres erres ou os beneficios da autoxestión da materia orgánica

Dos 2.500 asistentes, ao redor de 1.400 eran escolares de distintos niveis educativos e 1.000 eran veciños de concellos adheridos ao programa de compostaxe doméstica liderado pola empresa pública. Este programa presencial reforzouse con distintas campañas en liña para os mesmos públicos. As sesións guiadas polos educadores ao servizo de Sogama centráronse, en primeira instancia, na estratexia dos tres erres (reducción, reutilización e reciclaxe), incluíndo os beneficios da autoxestión da materia orgánica. A pesar da complexa situación sanitaria actual, a entidade aproveitou algúns dos respiros que deu a pandemia para viaxar



a distintas localidades, previa petición dos concellos, e explicar aos cidadáns os pormenores da xestión sostible dos residuos urbanos, incidindo no labor que estes deben asumir para propiciar a valorización dos refugallos mediante a súa transformación en recursos.

Continuidade

Dados os excelentes resultados desta campaña formativa itinerante, a intención de Sogama, sempre e cando as medidas de protección fronte á pandemia así

O calendario de cursos de Sogama adaptouse, en tempo e forma, á situación sanitaria actual.

o permitan, é dar continuidade á mesma durante este 2022 para que cada vez sexan máis os cidadáns que incorporen os tres erres aos seus hábitos cotiáns, incrementando desta forma as cifras de reciclaxe en Galicia.

Convocados os premios escolares “Recíclate con Sogama” 2021-2022

Os 24 centros de primaria desta edición poden canalizar os coñecementos adquiridos no deseño dun cartel sobre reciclaxe

Un curso máis, o programa educativo “Recíclate con Sogama” complementa a formación ambiental sobre os tres erres cunha dose de creatividade para que o alumnado participante poida materializar os coñecementos adquiridos. Cada un dos 24 centros de primaria inscritos neste curso 2021-2022 foi convidado a participar no premio escolar enviando un cartel que tivese como temática central a reciclaxe. Tamén debía incorporar un título, así como un pequeno texto descriptivo no que quedase constancia da mensaxe.



A presentación de candidaturas finaliza este 25 de abril, e feita a valoración do xurado, os gañadores anunciaranse cara a finais de curso. O concurso contempla tres premios. O primeiro, dotado con 1.300 euros; o segundo, con 1.000 euros, e o terceiro, con 700 euros. En todos os casos, estas cantías económicas deberán ser investidas en material didáctico ou accións educativas para cada centro.

Os superheróes da reciclaxe teñen de prazo ata o 25 de abril para presentar as súas candidaturas.

Innovación educativa

Os premios escolares correspondentes ao programa “Recíclate con Sogama” 2021-2022 están convocados por Sogama xunto coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia.

[Volver á portada](#)

16



Actualidade



Todos os membros da familia poden colaborar na elaboración do compost doméstico.

Outros nove concellos amplían o seu compromiso coa autocompostaxe dos residuos orgánicos

Son Coristanco, Salceda de Caselas, Fene, Foz, Mos, Pazos de Borbén, Ponteareas, Covelo e Salvaterra do Miño

Coristanco, Salceda de Caselas, Fene, Foz, Mos, Pazos de Borbén, Ponteareas, Covelo e Salvaterra do Miño son os nove concellos galegos que, desde comezos de ano, contan con outras 320 vivendas particulares nas que as familias apostan pola autocompostaxe dos seus residuos orgánicos. Fano cos composteiros de 400 litros subministrado gratuitamente por Sogama a través dos seus Concellos. Igualmente, a meirande parte dos beneficiarios recibiron cubos marróns de 10 litros para transportar a materia orgánica desde as cociñas ata o composteiro, que está colocado no exterior da vivenda e en contacto directo coa terra para facilitar a entrada dos microorganismos descompoñedores.

Cursos de formación presenciais, un manual didáctico en papel para ter sempre a man en caso de dúbidas, ou o acceso á web compostaconsogama.gal, son outros servizos aos que teñen acceso todos os usuarios do programa para elaborar un compost de calidade.

Sempre sumando

O obxectivo é que cada vez sexan máis os fogares que se sumen á autoxestión da materia orgánica en orixe, dados os seus importantes beneficios ambientais, económicos e sociais. Con isto conséguese minorar a cantidade de residuos a depositar no contedor xenérico da fracción resto, podendo diminuír a frecuencia de recollida e transporte de lixo e, en consecuencia, as emisións de

CO₂ á atmosfera. Ao mesmo tempo, redúcese a cantidade de refugallos que deben ser tratados en planta, neste caso na de Sogama, en Cerceda (A Coruña), minguando o importe da factura que deben pagar á empresa pública. A día de hoxe, xa son 431 as entidades adscritas ao programa de compostaxe doméstica de Sogama, das cales 222 son concellos (ademas de centros educativos e colectivos sociais), tendo repartido entre as mesmas máis de 18.300 composteiros. Á vista dos datos, as continuas adhesións reflecten a grande aceptación entre a veciñanza galega deste proxecto de Sogama que conecta directamente coa economía circular e cun modo de vida máis sostible..

[Volver á portada](#)

17






Multimedia

Fichas e xogos do Caderno Verde en inglés

Caderno Verde é un dos múltiples proxectos de Sogama para a divulgación da conciencia ambiental entre os escolares galegos, desde a etapa infantil, pasando por primaria e ata secundaria. É unha formación transversal, adaptada a cada nivel educativo, que bota man do humor e da axuda de curiosas personaxes animadas como a familia Trebón e os amigos de Vilaverde.

As boas prácticas medioambientais aplícanse a asignaturas de Matemáticas, Lingua castelá e galega, Educación artística, Coñecemento do medio e tamén Inglés. De feito, as fichas didácticas e



xogos interactivos do Caderno Verde son unha boa oportunidade para chegarse a esta lingua extranxeira e aprender novo vocabulario da vida diaria e relacionado cos tres erres dunha forma lúdica e moi visual. Algunhas temáticas que se poden ver ou descargar son "Glass

Mockup: freepik.es

"Recycling", "Sustainable fashion", "Shopping day", "A walk in the woods" ou "Protect the animals!", entre outras.

[Accede a Caderno Verde para botarlle un vistazo](#)

Novo vídeo institucional de Sogama

Coincidindo coa renovación da súa imaxe corporativa, Sogama entrou en 2022 lanzando un novo vídeo institucional co que quere divulgar os seus valores e dar a coñecer a súa estratexia industrial dunha forma amena. Imaxes de peregrinos, da catedral de Santiago, dos nosos montes, praias ou vilas, en definitiva, do que é Galicia, son o escenario visual para facelo.



Mockup: freepik.es

[Ver o vídeo institucional Sogama](#)

[Volver á portada](#)



Multimedia

ODS? Sabes o que son?

Que é a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostenible? Que obxectivos expón? Eses son os famosos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible? Os ODS? Neste vídeo da UNESCO explican estes conceptos dunha forma sinxela, relacionándoo coa mobilización dunha cidadanía activa e consciente.



[Ver o vídeo da UNESCO](#)



Copenhill, unha planta de recuperación de enerxía con pista de esquí integrada

A planta de valorización enerxética de Copenhill, en Copenhague (Dinamarca) é unha infraestrutura pública que, ademais de proporcionar luz e calor á poboación, tamén serve como área de ocio e lecer.

Non só converte os residuos non reciclables en enerxía, como tamén o fan as plantas integradas

en Aeversu (Asociación Española de Plantas para la Valorización Enerxética de Residuos Urbanos), entre elas Sogama, senón tamén



conta con pistas de esquí na cuberta, un rocódromo artificial na súa fachada (o máis alto do mundo) e camiños bordeados de árbores.



[Mira o vídeo para unha visita primeira visita virtual!](#)

[Volver á portada](#)





Eventos



Visita de senadores franceses

A finais de 2021, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o presidente de Sogama, acompañaron a visita institucional dunha delegación de senadores franceses ao Complexo Medioambiental de Cerceda. Ambos responsables recordaron que a posición consolidada de Sogama como a planta de tratamiento de

residuos das súas características más moderna e eficaz de toda Europa permitiu que Galicia se convertera, a día de hoxe, nun referente internacional e nun "espello no que mirarse" para outros países e rexións. En Sogama son frecuentes as visitas que se organizan para delegacións tanto internacionais,

así como españolas. Nos últimos anos recibíronse a responsables de Croacia, Uruguai, Arxentina, República Dominicana, Nova Guinea, Romanía, Brasil ou a República Democrática do Congo e tamén as do Goberno murciano, a Deputación de Huelva ou o Consorcio de Residuos do Maresme, de Cataluña.

A Baña incrementou nun 55,2% a recuperación dos envases lixeiros



A Baña foi un dos municipios galegos que en 2021 logrou reducir máis a bolsa negra, 34 toneladas menos que o ano anterior. Así mesmo, a recuperación de envases de plástico, latais e briks tamén aumentou de

forma notable no concello coruñés, cun total de 46,41 toneladas recollidas o ano pasado, un 55,2% máis que no exercecio anterior. Durante unha visita institucional ao punto limpo municipal, a conselleira

de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o presidente de Sogama, Javier Domínguez, puxeron a este concello como bo exemplo de xestión do lixo de orixe doméstica.

Relatorio na UdC sobre o cometido de Sogama

A Universidade da Coruña convidou a Sogama a explicar o seu cometido industrial, social e industrial aos estudiantes que cursan o Máster en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental. O encargado de impartir o relatorio foi Pedro Alcázar Arévalo, xefe de Control Técnico e Económico, Calidade e Medio Ambiente, quen abordou nos pormenores da actividade de Sogama e na xestión sostible dos residuos urbanos, facendo especial fincapé nos labores de control e seguimento ambiental, unha das prioridades desta empresa pública.

Así mesmo, describiu o traballo de coordinación e supervisión que leva a cabo desde o seu departamento en ámbitos clave como poden ser a calidade do aire, a calidade da auga e tamén os niveis de ruído, temáticas moi relacionadas co mestrado.



[Volver á portada](#)

20





Curiosidades

Os peregrinos do Camiño de Santiago reciclaron 117 toneladas de envases

Os peregrinos que o pasado verán percorreron cinco dos itinerarios do Camiño de Santiago reciclaron 117 toneladas de envases, co que se acada o mellor rexistro desde a posta en marcha da campaña "Camiño da Reciclaxe", impulsada pola Xunta e Ecoembes. Por categorías de residuos, foron case

33.000 kg de recipientes de plástico, latas e briks e case 84.000 kg de papel e cartón durante os meses de xuño a setembro. A ratio de quilos recollidos por albergue medrou un 8,6% grazas ao compromiso dos camiñantes e dos 173 ecoalbergues participantes nesta iniciativa, onde tamén se repartiron

71.600 bolsas reutilizables para evitar a "basuraleza". A celebración dun Ano Santo que por primeira vez ten dúas anualidades, 2021 e 2022, é unha dobre oportunidade para que sexa recordado como "o Xacobeo máis comprometido co medio ambiente da historia".



Fonte e imaxe: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

2022, Ano Internacional do Vidro



Este 2022 foi proclamado Ano Internacional do Vidro, unha conmemoración aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas e impulsada pola Comisión Internacional do Vidro, a Comunidade de Asociacións do Vidro e o ICOM-Glass.

Ecovidrio tamén se sumou á efeméride en colaboración con ANFEVI (Asociación de Fabricantes de Envases de Vidro) e os investigadores do Instituto de Cerámica e Vidro do CSIC (Consello Superior Investigacións Científicas).

O obxectivo da iniciativa é visibilizar a importancia científica, económica, ambiental e cultural do vidro como elemento transformador da humanidade. Hoxe en día, é un elemento esencial en sectores clave como o da enerxía, a biomedicina, a agricultura, a electrónica, as

telecomunicacións ou o sector aeroespacial, entre outros. Así mesmo, merece unha mención especial o papel que xogou na batalla contra a pandemia global da COVID-19, ao servir para os viais das vacinas. Os envases de vidro son 100% sostibles e circulares.

Fonte: FuturEnviro | Imaxe: Ecovidrio

[Volver á portada](#)



Curiosidades

Balance positivo na recollida do iglú verde

Cada cidadán galego depositou no iglú verde medio quilo máis de envases de vidro en 2021, ata acadar unha media de 18,8 quilos ou 64 envases, por riba da media nacional. No conxunto da comunidade, a recollida deste tipo de residuos ascendeu a 50.732 toneladas, un 2,7% máis que no ano anterior, o que supuxo depositar máis de 190.000 envases cada día ou 330 envases por minuto.

Destaca o papel do canal



profesional Horeca (sector hosteleiro) neste fito xa que o número de establecementos colaboradores en 2021 acadou os 5.105, máis do dobre que en 2020.

Fonte e imaxe: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Ambicioso proxecto para recollida e reciclaxe de cápsulas de café

Baixo o paraugas da Asociación Española do Café (AECAFÉ), 24 compañías fabricantes de cápsulas de café únironse para formar Círculo RECICAP e desenvolver un ambicioso proxecto de recollida e reciclaxe de cápsulas de café (de aluminio e de plástico), que garanta unha solución integral para o sector.

Cunha rede inicial de 4.057 puntos de recollida, o sistema xa está a dar servizo a preto de 42 millóns de persoas en todo o territorio español. Os puntos de recollida de Círculo RECICAP e a súa localización pódense consultar a través da páxina web www.circulorecicap.com.



Fonte: Círculo RECICAP | Imaxe: Pixabay

[Volver á portada](#)



Curiosidades

Dixitalización sostenible grazas á doazón de 5.000 equipos informáticos

Tras a primeira, e exitosa, campaña “Dixitalización sostenible” da Fundación CEOE, a segunda edición xa está en marcha. Só en 2021, e grazas ás doazóns solidarias de máis de 60 empresas e autónomos de toda España, xuntáronse 5.000 equipos e compoñentes informáticos que estaban destinados a ser RAEE, acrónimo co que se coñecen aos residuos eléctricos e electrónicos.



O seu destino será agora satisfacer as peticionadas por centros educativos e de formación, residencias de persoas maiores sen ánimo de lucro, entidades que atendan a cidadáns en risco de exclusión, e outras persoas e colectivos que os necesiten. En total,

os beneficiarios serán preto de 16.000 persoas. Calcúlase que a reutilización dos dispositivos permite un aforro de emisións de 108.009 quilogramos de CO₂eq, ademais de reducir a xeración de residuos e protexer o medio ambiente.

Fonte: Fundación CEOE | Imaxe: Pexels

Crecemento económico vs producción de lixo

Desvincular a xeración de residuos do crecemento económico é capital para transitar cara á economía circular, segun expón a AEMA (Axencia Europea de Medio Ambiente) no informe “Progreso cara á prevención de residuos en Europa: o caso da prevención de residuos téxtils”.

Se ben a xeración de residuos estase a desacoplar do crecemento económico, non hai indicios de que o obxectivo de reducir a xeración total de lixo estea preto de lograrse. As cifras falan por si soas. Os residuos producidos en Europa aumentaron un 5,2% entre os anos 2014 e 2018, mentres que o PIB fíxoo nun 14,8%. Non obstante, no caso do sector téxtil a AEMA si ve un gran potencial, principalmente a través da diminución do consumo de materias primas, do deseño



ecolóxico e, en última instancia, da reutilización. O europeo medio xera aproximadamente 11 kg de residuos téxtils por ano.

Fonte: AEMA | Imaxe: Pexels

[Volver á portada](#)



Curiosidades



Acordo mundial para acabar cos plásticos

Representantes de 175 países respaldaron o 2 de marzo pasado unha resolución histórica para acabar coa contaminación por plásticos e forxar un acordo internacional xuridicamente vinculante para finais de 2024. O traballo do Comité Intergobernamental de Negociación comezará este ano.

A decisión foi adoptada no seo da Asemblea das Nacións Unidas para o Medio Ambiente, celebrada en Nairobi, o máximo órgano mundial para preservar a saúde do noso planeta. A histórica resolución



aborda o ciclo de vida completo do plástico, incluíndo a súa producción, deseño e eliminación.

A contaminación por plásticos pasou

de 2 millóns de toneladas en 1950 a 348 millóns en 2017, e agárdase que se duplique a súa cantidade de aquí a 2040.

Fonte: Nacións Unidas | Imaxe: Pexels

Unha eficiente conversión de residuos en enerxía reduciría as emisións de CO₂

O estudo, impulsado por varias organizacións europeas de xestión de residuos tales como FEAD, CEWEP, RDF Industry Group e a Asociación Holandesa de Xestión de Residuos (DWMA), e realizado por Prognos e CE Delft, mostra o potencial de redución

de emisión de dióxido de carbono no sector da xestión de residuos. Os resultados mostran importantes emisións de CO₂ evitadas para os seguintes 10 fluxos de residuos: papel, vidro, plásticos, metais ferrosos, aluminio, madeira, téxtils,

pneumáticos fóra de uso, residuos biolóxicos e residuos non reciclables. É dicir, a clave para lograr a máxima redución de CO₂ é aproveitar ao máximo as capacidades de reciclaxe e conversión de residuos en enerxía.



Fonte: Residuos profesional

[Volver á portada](#)




Curiosidades

Loita directa contra o desperdicio alimentario desde 4 millóns de móobiles

Too Good to Go (www.toogoodtogo.es), a maior app que loita contra o desperdicio de alimentos no mundo, aterrou en España en setembro de 2018 e acaba de anunciar que xa salvou máis de 6 millóns de packs de comida de milleiros de establecementos no noso país, evitando o desperdicio de máis de 6.000 toneladas de alimentos en pouco máis de tres anos. Con isto aforrou a emisión de

máis de 15.000 toneladas de CO₂eq á atmosfera, o que equivale ás emisións de 49.625 aviós voando de Madrid a Londres ou de 2.953 aviós dando a volta ao mundo.



Máis de 14.000 establecementos están unidos a este movemento, que conta con máis de 4 millóns de usuarios (case o 10% da poboación española).



Le aquí a nosa entrevista á directora de Too Good to Go para España e Portugal

Fonte: Compromiso RSE | Imaxe: Too Good to Go

25 vidas para o cartón

Segundo un estudo independente realizado en 2021 pola Universidade Tecnolóxica de Graz (Austria), o material de envasado a base de fibra (papel, cartolina, cartón e caixas pregables) pode reciclarse máis de 25 veces sen apenas perder a integridade. A investigación reciclou repetidamente cartón pregable para entender que efecto, se o houbese, tería sobre as propiedades mecánicas do material, incluídas a súa forza innata e a súa resistencia aos impactos. Estas conclusiones volven destacar a vital contribución do cartón á economía circular e a función que pode desempeñar á hora de mellorar as credenciais de sostenibilidade das empresas e marcas. A taxa actual de reciclaxe dos envases de papel e cartón en Europa



é de aproximadamente o 84,2 % e a industria papeleira europea fixouse como obxectivo unha taxa de reciclaxe do 90 % para o 2030.

Fonte: Boletín Repacar | Imaxe: Pexels



Curiosidades

Latas de bebidas: dez vantaxes dun envase circular

Con máis de 85 anos no mercado, é un dos envases preferidos polos consumidores debido á súa comodidade, lixeireza, resistencia e por estar fabricada cun material infinitamente reciclable como é o aluminio. Aquí 10 motivos que a fan moi atractiva:



- 1.- Ao ser un envase monomaterial, é fácil de reciclar.
- 2.- A súa reciclaxe é moi vantaxosa para o medio ambiente. A reciclaxe de aluminio aforra o 95% da enerxía necesaria para producir aluminio primario.
- 3.- É un envase infinito.
- 4.- A súa lixeireza é froito de anos de innovación e do esforzo continuo da industria por reducir o seu peso sen afectar á resistencia.
- 5.- A súa fabricación é ágil e rápida grazas aos avances na enxeñería. Nun minuto fabrícanse 2.500 latas cunha gran precisión.
- 6.- É enormemente resistente. O seu peche hermético soporta golpes sen abrirse.
- 7.- Está dispoñible nunha ampla variedade de tamaños.
- 8.- Malia ser tan lixeira, ten unha elevada estabilidade e resistencia, o que, unido á súa forma, permite amontoalas facilmente.
- 9.- Conta cunha superficie 360º totalmente personalizable.
- 10.- A propia lata de bebidas comunica a importancia da reciclaxe e lémbranos que é infinitamente reciclable co logo universal "Metal Recycles Forever".

Fonte: Asociación Latas de Bebidas | Imaxe: Pexels

[Volver á portada](#)

Curiosidades

As máscaras non van ao punto SIGRE das farmacias

A nova campaña de SIGRE lembra a todos os cidadáns que os residuos derivados da COVID-19, como máscaras, luvas de látex e test de antíxenos, non deben depositarse no punto SIGRE das farmacias xa que non son restos de medicamentos. Tampouco hai que desbotar aquí agullas, termómetros, gasas ou produtos químicos. Estes residuos




deben desbotarse no contedor xenérico (fracción resto).

Con todo, débese destacar que os envases onde veñen as máscaras, luvas e test de antíxenos si deben

depositarse no contedor de recollida selectiva correspondente. Isto é azul para as caixas de cartón e os papeis e, amarelo para as bolsas de plástico.

Producción de hidróxeno verde con residuos agroalimentarios

O obxectivo do proxecto de I+D+i ZEPPELIN é investigar novas tecnoloxías de producción e almacenamento de hidróxeno verde alternativas á electrólise e que fomenten a economía circular mediante a valorización de residuos e subproductos de diferentes sectores como o agroalimentario, téxtil, EDARs, refinerías,... O seu nexo común é que todos son residuos ricos en carbono. Actualmente, o 96% do hidróxeno producido no mundo provén de fontes fósiles e tan só un 1% de fontes renovables. A Folla de ruta española do hidróxeno marca que, para 2030, un 25% do hidróxeno consumido pola industria sexa renovable e que con el se impulsen os nosos trens, avións e coches. Estímase que a producción de hidróxeno verde empregando as tecnoloxías ZEPPELIN ofrecerá a España un potencial de xeración anual dunhas 135.000 toneladas ao ano.



Este proxecto de investigación está financiado polo Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (Ministerio de Ciencia e Innovación), a través do programa Misiones CDTI. O consorcio de empresas que o apoian, liderado

por Aqualia, está integrado por outras 7 compañías líderes en España (Naturgy, Norvento Enerxía, Repsol, Redexis, Perseo, Técnicas Reunidas e Reganosa) con CETIM Centro Tecnolóxico como coordinador científico.

Volver á portada

27



Receitario

Lasaña con sobras de comida? É posible!

Si, a lasaña tamén se pode facer con sobras de comida e cun pouco de imaxinación. Nunca o pensastes? Os socorridos macarróns á boloñesa non teñen por que ser os protagonistas de tres ceas consecutivas! Nós sacamos esta idea de “pinchos de lasaña” do receitario editado polo Penal de Monterroso [“Sabroso reciclaje”](#) no que tedes moitas máis preparacións para aproveitar os restos de comida!

Se vos animades a cociñar algunha destas propostas con sobras, compartide con nós fotos en [Facebook](#), [Twitter](#) e [Instagram](#) ou etiquetádenos!



Lasaña



Ingredientes reciclados

- Pementos morróns
- Macarróns á boloñesa



Outros ingredientes

Para a bechamel:

- Leite
- Fariña
- Manteiga
- Queixo



Elaboración:

1. Empezar abrindo os pementos e cortándoos á metade, como se fosen dúas láminas.
2. Enriba de cada unha poñer un pouco dos restos dos macarróns á boloñesa e cubrir coa salsa bechamel. O número de “pinchos” de lasaña dependerá da cantidade de sobras que teñamos.
3. Se é de gusto, acabar con queixo relado e gratinar no forno con calor arriba e abajo uns dez minutos a 180º.



Presentación:

- Acompanhar cunha boa ensalada de leituga con tomate!

[Volver á portada](#)

28

